ACTA NUMERO UN CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2005.

----------oOo----------

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as trece horas e dez minutos do día vinte de xaneiro de dous mil cinco reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dª María Carmen da Silva Méndez, D. Guillerme Vázquez Vázquez, D. Raimundo González Carballo, D. Xosé Luis Bará Torres, Dª María dos Anxos Riveiro Portela, Dª María Nieves Cuéllar Redondo, D. Miguel Anxo Vázquez Plaza, D. Xosé Luis Veiga Lage, Dª María Teresa Pedrosa Silva, Dª María de los Angeles Herrero Pérez, D. José Manuel Fernández Rodríguez, Dª Blanca García-Señoráns Álvarez, D. José María Covelo Cartelle, D. Francisco Arturo Pichel Márquez, Dª Begoña Laya Iglesias, Dª Beatriz Piñeiro Lago, Dª María Teresa Casal García, Dª Margarita Castejón García, D. Guillermo Antonio Meijón Couselo, D. José Antonio García Lores, D. José Rivas Fontán**, non asistindo **D. Celestino Lores Rosal e D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, estando presente o Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco** e actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

ASUNTO ÚNICO.- HONORES E DISTINCIÓNS: CONCESIÓN DO PREMIO CIDADE DE PONTEVEDRA NAS SÚAS DÚAS MODALIDADES: A) PERSOA FÍSICA. B) PERSOA XURÍDICA, ASOCIACIÓN OU COLECTIVO.

Dáse conta da acta da sesión do Xurado Cualificador dos "Premios Cidade de Pontevedra 2004", que tivo lugar o día 11 de xaneiro de 2005, do teor literal seguinte:

Na sala de comisións do Excmo. Concello de Pontevedra, cando son as trece horas do día once de Xaneiro de dous mil cinco, reúnese en sesión ordinaria o Xurado Cualificador dos premios "Cidade de Pontevedra 2004" baixo a presidencia do Concelleiro-Delegado de cultura don Xosé Luis Bará Torres, asistindo os seguintes membros previamente citados: dona Anxos Riveiro Portela, don Miguel Anxo Vázquez Plaza en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; dona Teresa Pedrosa Silva (suplente), don José Maria Covelo Cartelle e dona Blanca García-Señorans Álvarez en representación do Grupo Municipal do Partido Popular; dona Teresa Casal García (suplente) e dona Margarita Castejón García en representación do Grupo Municipal do PS de Galicia-PSOE, así como don Marcelo Fernández Otero en representación do Colexio de Xornalistas, dona Mercedes Vázquez Rodríguez en representación das Asocia-

cións Culturais do Municipio; e don José Ramón Carral Rey en nome das Asociacións de Veciños, actuando como Secretario para os efectos de levantar acta, don José Luís Sarandeses Martínez.

A presidencia abre a sesión, tratándose o seguinte Orde do día:

ÚNICO: PREMIOS "CIDADE DE PONTEVEDRA 2004"

O Sr. Presidente da lectura ás propostas presentadas a través do Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo regulamentario, para o seu coñecemento polo miúdo dos membros do xurado, así mesmo o sr. Bará Torres fai un recordatorio das bases destes premios e do sistema de votación, solicitando dos membros do xurado, e na medida do posible, a xenerosidade necesaria para acadar acordos por unanimidade.

CANDIDATOS 2004

PERSOA FÍSICA

1.-DON JOSÉ LUÍS FERNÁNDEZ SIEIRA

O propón: Sociedade Filarmónica de Pontevedra

2.- DON ANTONIO DE LA PEÑA SANTOS

O propón: Asociación de Veciños "Os Tres Pinos" de Santa María de Xeve

3.- DON FABIÁN ESTÉVEZ RODRIGUEZ

O propón: don Edelmiro Domiguez Dapena

4.- DON SATURNINO MIRÓN GUTIÉRREZ

O propón: Plataforma Aupa Pontevedra

PERSOA XURÍDICA

1.- ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO

A propón: Area Comercial Zona Monumental

2.- COORDENADORA LOCAL DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

A propón: Asociación Cultural Maio Longo

3.- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS CASTELAO

A propón: Asociación de veciños "Os Tres Pinos" de Santa María de Xeve

Ábrese a continuación unha rolda de intervencións, por parte de todos os membros do xurado, facendo uso da palabra en primeiro lugar dona Margarita Castejón en representación do PS de Galicia-PSOE quen manifesta que todos os candidatos presentados son merecedores do galardón polo seu labor, pero mostra o apoio do seu grupo no apartado de "Persoa Física" a Candidatura de don Antonio de la Peña Santos polas súas investigacións no coñecemento da orixe da nosa cidade e pola difusión e divulgación dos seus traballos.

A continuación intervén o Sr. Carragal Rey asumindo o anteriormente exposto por dona Margarita Castejón sumando o seu apoio á candidatura de don Antonio de la Peña.

En representación do Colexio de Xornalistas toma a palabra don Macelo Fernández Otero que expón a dificultade da súa decisión dado que todos os candidatos son merecedores do premio, aínda que considera que no ano 2004 produciuse un acontecemento salientable na nosa cidade como foi o ascenso a segunda división do Pontevedra CF personalizado na figura de don Saturnino Mirón, sen embargo decide absterse nesta primeira toma de

posicionamentos.

Dona Teresa Pedrosa en representación do Grupo Municipal do Partido Popular sumase ó manifestado por todos os membros do xurado en relación ca valía dos candidatos pero considera que debe valorarse non só a traxectoria dos candidatos senón en especial o ano 2004, polo que en nome do seu grupo manifesta o apoio a candidatura de don Saturnino Mirón pola súa laboura o fronte do Pontevedra CF, polo que supuxo o ascenso do Pontevedra para a cidade, a recuperación do club e pola valía como empresario local ca creación de moitos postos de traballo na nosa comarca.

Dona Mercedes Vázquez en representación das asociacións culturais manifesta o apoio o arqueólogo Antonio de la Peña, premiando na súa figura a laboura de todos os arqueólogos.

Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego intervén don Luís Bará Torres para apoiar en nome do seu grupo a Antonio de la Peña pola súa contribución ao coñecemento e divulgación da historia de Pontevedra, polo achazo do miliario de Adriano que permitiu abrir unha nova teoría sobre a historia da cidade e a presencia romana en Pontevedra.

Logo dunha primeira rolda de intervencións e ca ausencia voluntaria do Sr. Carral Rey representante das asociacións veciñais que se escusa porque vaise a estudiar as candidaturas de "Persoa Xurídica" da que a Federación de AAVV Castelao é unha das propostas. Intervén dona Mercedes Vázquez para manifestar o apoio das asociacións culturais á Coordenadora Local da Marcha Mundial das Mulleres por poñer de manifesto un problema social con concentracións todos os días 25 de cada mes, coincidindo ademais neste ano ca aprobación por unanimidade da Lei Contra a Violencia de Xénero.

Dona Teresa Pedrosa fai uso da palabra manifestando en nome do seu Grupo Municipal o apoio a candidatura da Asociación de Amigos do Camiño Portugués a Santiago, pola súa traxectoria, pola difusión desta ruta do Camiño de Santiago, a divulgación de Pontevedra como capital do camiño Portugués e especialmente neste ano por ser xubilar.

Na mesma liña se manifesta don Marcelo Fernández representante do Colexio de Xornalistas sumando o seu apoio a favor da Asociación de Amigos do Camiño Portugués.

Dona Margarita Castejón insiste na valía e méritos de todos os candidatos pero inclina o voto do seu grupo a favor da Coordenadora Local da Marcha Mundial das Mulleres, nun ano que como feito salientable hai que sinalar a aprobación por unanimidade da Lei Contra a Violencia de Xénero, pero ademais polo que supón que unha serie de colectivos ideoloxicamente distantes únanse para denunciar e loitar contra un grande problema social.

En representación do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Bará Torres manifesta que o seu Grupo Municipal vai a apoiar á candidatura da Coordenadora Local da Marcha Mundial das Mulleres, polas mobilizacións de carácter mundial, polo que supón a loita contra a pobreza e contra a violencia

de xénero en todo o mundo e polo feito da aprobación este ano da Lei Contra a Violencia de Xénero.

Logo doutra rolda de intervencións os distintos membros do xurado debaten e defenden as posicións iniciais acerca das candidaturas presentadas, intervén o Sr. Bará, presidente do xurado, solicitando un esforzo por parte de todos en aras de acadar o maior consenso posible, finalmente e despois de celebrar a correspondente votación entre os membros do xurado cualificador dos premios "Cidade de Pontevedra 2004" acordan por UNANIMIDADE propoñer o Pleno da Corporación Municipal, como candidato a modalidade de "Persoa Física" polos méritos que reúne:

A DON ANTONIO DE LA PEÑA SANTOS

Pola súa defensa do patrimonio histórico-artístico pontevedrés e polo seu longo e fructífero labor como historiador e investigador, mediante o cal contribuíu a ampliar os horizontes da arqueoloxía galega e ao coñecemento da arte rupestre, da cultura castrexa e da romanización.

Así mesmo o xurado acorda por UNANIMIDADE propoñer no apartado de "Persoa Xurídica" polos méritos que reúne.

A AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO

Pola súa contribución á recuperación e promoción do Camiño Xacobeo Portugués e á consolidación de Pontevedra como referencia deste itinerario histórico, e polo inestimábel labor de atención aos peregrinos durante o ano xacobeo 2004.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Concede-lo premio Cidade de Pontevedra 2004, na súa modalidade de persoa física a DON ANTONIO DE LA PEÑA SANTOS, pola súa defensa do patrimonio histórico-artístico pontevedrés e polo seu longo e fructífero labor como historiador e investigador, mediante o cal contribuíu a ampliar os horizontes da arqueoloxía galega e ao coñecemento da arte rupestre, da cultura castrexa e da romanización.

SEGUNDO.- Concede-lo premio Cidade de Pontevedra 2004, na súa modalidade de persoa xurídica, a AMIGOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS A SANTIAGO, pola súa contribución á recuperación e promoción do Camiño Xacobeo Portugués e á consolidación de Pontevedra como referencia deste itinerario histórico, e polo inestimábel labor de atención aos peregrinos durante o ano xacobeo 2004.

E non sendo outro o obxecto desta sesión extraordinaria, polo señor Presidente remátase a sesión ás trece horas e quince minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lore. Fdo. Julio Dapena Outomuro.